

Dos Arquivos do Trasnó

Este libro, formado por relatos breves, é unha das xoias máis valiosas da literatura galega. Publicado por primeira vez en 1926 con só oito contos.

Dieste foi engadíndolle pezas ata cegar as vinte, que compoñen a versión definitiva desta pequena e dedicada obra mestra.

• Limiar:

A unidade emotiva conséguese no conto pola obsesión do q ten de sobrevivir.

O remate ha de ter a virtude de facer simultáneas no espírito as imaxes que foron sucesivas.

A presenza do remate debe estar atafagada, pero latexando con forte resonancia en tódolos recunchos do relato.

O remate é unha imaxe que fai estoupar o conto nas verbas derradeiras, despois de izalo poderosamente.

O conto é unha pelica na que se sente o pulso dunha imaxe contida, é o remuíño que fan arredor dunha lámpada moitas bolboretas, todas mergulladas na mesma luz.

• Obra:

–*Sobre da morte de Bieito*: Trata sobre o momento en q levan ó Bieito no ataúde para enterralo no camposanto, un dos que portaba o cadaleito oíu un rebulir dentro, pero por vergoña e por mor a ser acusado de troleiro, non dixo nada. O rematar o enterro o home decidiu volver ó camposanto para desenterralo, pero canda xa estaba co sacho nas mans oíu q se achegaba xente, e votou a correr. E así rematou todo, sen saber se o Bieito ía vivo ou morto.

–*De cómo se condenou o Ramires*: O Ramires, despois de andar por outras terras ó longo da súa vida, decidiu ir a súa aldea para morrer. Era herexe, non cría en Deus. Xa cando estaba a piques de morrer o Crego foi xunto del para confesalo e q fora ben con Deus, pero el negouse, morrendo herexe a pesar de que a súa dona llo pedira.

–*A Volta*: A señora Resenda e o señor Resende so pensaban no regreso do seu fillo, Adresiño, o cal marchara hai moito tempo. Pasado o tempo o señor Resende morreu, o ver q o seu fillo non volvía. A señora Resenda pasou todo o inverno soa agardando por el. Un día pola noite escoitou un ruído na casa, ela pensou que era o Andresiño e baixou correndo. Ó día seguinte os veciños atopárona morta cos ollos ben abertos, e nunca mais se soubo do asunto.

–*A luz en silencio*: Trátase dun home o cal recibiu unha casa vella por herdanza, na cal vivía un labrego, e tivo que ir ata ala para arranxar os papeis. Ese día pola noite tivo que erguerse para revisar unhas notas que tiña nunca habitación, ó volver divisou unha sombra no cirio, como se alguén estivese a aguantar del, pero ó achegarse non viu nada. Meteuse na cama e esqueceu o ocorrido.

–*A historia dun xoguete*: Nesta historia un home chamado Bastián, mariñeiro de profesión, ocorréuselle a idea de construír un barco de xoguete, chamado Nosa señora do Carme, para o seu fillo. Fórono probar para ver se flotaba, pero afundiou. O Bastián marchou e nunca máis se soubo del. Pasado o tempo, o fillo pequeno atopou o barco na praia, alegrouse moito e o colgou na repisa da casa, mirando cara o mar.

–*O vello Moreno*: O vello Moreno era un mariñeiro. Un día estaba el cuns amigos nunha taberna falando de mulleres, cando empezou a contar unha historia sobre unha muller casada cun mariñeiro, e cando este estaba no mar a muller enganábao con outros homes. Pouco a pouco a aldea foino sabendo, cegando a oídos do marido. Un día a muller foi ó peirao cos fillos a esperala volta do seu marido, pero este nunca volveu.

–*O vagamundo*: En tódalas vilas hai sempre un vagabundo, sempre descalzo e mal vestido, a xente chamáballe Magallón e ríanse del. De pequeno foi un mal criado, e nunca foi a escola, e sempre quedaba so, porque os seus amigos de xogos sempre o abandonaban, e el sempre quedaba so no mesmo sitio. Ía detrás das mozas, mais elas o rexeitaban e ríanse del.

–*O vello que quería velo tren*: Un vello que vivía ca súa filla mailo marido e co seu neto, empezou a dicirlles q quería ver o tren antes de ir para o outro mundo, pero ninguén lle facía caso. Un día o cura enterouse do que pasaba, e colleu ó vello mailo neto e levounos a ver o tren.

–*O neno suicida*: Esta é a historia que un home conta nunha taberna despois de ler unha noticia de que un neno quería suicidarse. Trátase dun vello que naceu da terra, non sabia falar, e ía espido. Os poucos comezou a falar, e conforme pasaban os anos íase facendo máis novo. Cando chegou a ser un neno, matouse porque non soportaba a idea de volver a ser un bebe.

–*Na morte de Estreliña*: Estreliña era unha rapaza moi obediente que sempre facía todo o que os seus pais lle mandaban, sen pensar en recibir nada a cambio. Un día Estreliña morreu, pero ninguén a votou de menos por como era, senón que polo q facía.

–*O grandor do mundo*: Trátase dun home, que tan ben oíu falar de Bos Aires q decidiu marchar alí para ver tódalas marabillas que todo o mundo dicía que había. Quedou alí dez anos. Volveu rico en penurias e en recordos a súa casa vella, e murmurou que grande é o mundo.

–*Pampín*: Pampín era un mozo fazuleiro, ancho e duro q sempre axudaba ós demais. Todo o mundo o coñecía pola súa xenerosidade ó axudar os nenos cos seus problemas, pero seguía sendo un pobre mozo sen espírito da aldea dos mariñeiros.

–*Espanto de nenos*: Na aldea había un almacén baleiro, onde todos os nenos ían xogar. Un día un dos nenos mirou cara o eito e divisou unha fenda nel, e na fenda un ollo dunha persoa observándoos. Ninguén sabia o q era, e ninguén dixo nada. Hoxe en día a casa transformouse, e os nenos xa son homes. ¿ Quen se ía acordar do acontecido?

–*A ponte de ferro*: Son dous homes q están ha falar das súas cousas a beira da ponte. Un lle pregunta ó outro que esperaba da vida, este respondeulle que xa estaba canso de tanto axetreo, e de tanto viaxar polo mundo e respondeu : que Quero un quiosco de periódicos, pintado alí nunha praza tranquila.

–*Nova York é noso*: Trata sobre un neno q intenta contarlles os outros q xogaban con el no peirao q o seu pai cegaba hoxe de Nova York, pero ningun lle fixo caso, quizais por iso case se pelexa con un. Como ninguén lle preguntaba polo seu pai marchou o peirao a esperalo. O mariñeiro baixaba do barco ben dereito, e sen fachenda nos ollos, o neno a piques de chorar dixo: Nova York é noso.

–*O caso dos tres fornos*: Trátase dun home que traballa nun barco de tres fornos, os que hai q limpar, pero cada persoa encargase dun, é so dun, ata que o maquinista chama a o home e lle ordenable que limpe os tres fornos. O home díxolle que a súa obriga era limpar un so, o escoltar isto o maquinista chamou ó capitán, e este díxolle ó home que con un xa lle chegaba, este indignado limpou os tres e marchou do barco, máis tarde o capitán foino buscar para que volvera.

–*Once mil novecientos vinteseis*: Trátase dun señor que foi metido nun nicho, porque nel vese como era o ano

11.926. O erguerse do nicho e saír del, topase cuns caníbales, que o perseguían para comelo, morto de medo pegoulles un tiro a cada un deles e posteriormente a si mesmo. Pero non fora máis que un sono.

–*O drama do cabalo de xadrez*: A partida de xadrez ía comezar, pero o cabalo Branco non chegara ó taboleiro. O rei moi anoxado foi buscalo e rifoulle porque sempre chegaba tarde, e o cabalo díxolle que el non quería ser cabalo, nin rei nin nada. Tódalas pezas comezaron a sentir envexa das demais, e a raíña para apacigalos dixo que cada un era o que tiña q ser, e que esto solo era un xogo.

–*Un conto de reis*: Trata sobre un xornalista o cal o seu xefe mándalle facer un conto de reis. O xornalista, non sabia como facelo, así que foi a taberna e contoullo os seus amigos haber se algún o podía axudar. Un mariñeiro q estaba alí díxolle que el traballara para un rei, para o rei Melchor, pero fora despedido por pegarlle ó traductor do rei. Ós dez minutos entra na taberna o traductor, e o mariñeiro vota a correr. O xornalista foi detrás del para que lle contara a historia, pero non o alcanzou, con o cal non a puido facer.

–*De cómo viu a Rianxo unha balea*: Certo día chega a Rianxo unha balea, e tódolos nenos correron para vela. Os mariñeiros moi entusiasmados saíron o mar para cazala, ferírona varias veces, pero a balea xuntou as poucas forzas que tiña e escapou. O día seguinte saíu nun xornal q aparecera unha balea morta en Vilanova, acadando eles toda a noticia.

• Crítica:

Este libro, mellor dito recopilación de contos, pareceume unha obra esplendida e moi entretida, xa que esta composta por varios contos, nos que a súa historia é totalmente diferente a anterior. O que máis me gustou deste libro, foi a forma de que o autor nos conta cada conto, introducíndonos neles mediante os personaxes.

Estes personaxes soen estar caracterizados por unha tristeza que sofren, ou ben pola morte ou abandono, como se un trasno estibese a facer das súas.

Outra cousa que me fascinou dista obra foi a situación e como están escritos os contos, que mesmo parece q esta pasando de verdade, gracias a xenialidade do autor, que xuntou a súa imaxinación con feitos comúns, creando un certo vínculo entre a realidade e a ficción.

Respecto ó título deste libro deduzo q recibiu ise nome, xa que esta formado por varias historias recapituladas (arquivos) onde xorden diferentes acontecementos algo misteriosos (do Trasnó).